



CONVOCATORIA DE AXUDAS A DEPORTISTAS VIGUESES E VIGUESAS DE BASE DE MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS

-BASES DA CONVOCATORIA-

1º.- OBXECTO

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas a deportistas vigueSES e vigueSAs de base de modalidades individuais que, acreditando unha calidade inicial e unha especial dedicación á actividade deportiva, auguren unha proxección inmediata ou futura para o deporte de alta competición.

2º.- FINALIDADE

As bolsas, obxecto desta convocatoria, están dirixidas a consolidar a progresión do rendemento deportivo, destinándose a sufragar en parte os gastos ocasionados durante o período de adestramento, competicións, perfeccionamento e adquisición de material técnico durante a tempada 13/14.

3º.- BENEFICIARIOS/AS

Deportistas que participen en competicións de ámbito estatal e internacional nados despois do 1 de xaneiro de 1991.

4º.- CONTÍA

Cada unha das axudas concedidas contará cunha dotación de 1.000 € brutos; cun total de 20 axudas.

5º.- DOCUMENTACIÓN

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán nas oficinas da Fundación VIDE; xunta coa seguinte documentación:

- o Fotocopia compulsada da licenza federativa da tempada 2013/2014.
- o Fotocopia do DNI.
- o Volante de empadramento en Vigo, como mínimo dende o 1 de xaneiro de 2012 (www.vigo.org)
- o Certificado da titularidade da conta bancaria onde se solicita o ingreso do importe da bolsa.

6º.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das solicitudes será dende o 31 de outubro ao 14 de novembro de 2014, ambos inclusive.

A solicitude xunto coa documentación deberá presentarse nas instalacións da Fundación VIDE da Rúa Cesáreo González.

7º.- REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, poderá requirirse ao solicitante para que, no prazo improrrogable de 7 días, proceda a emenda de erros. Transcorrido dito prazo sen emenda terase ao interesado por desistido da solicitude presentada.

8º.- CRITERIOS DE CONCESIÓN E VALORACIÓN

Consideraranse os méritos obtidos polos/as deportistas durante a tempada 2013/2014.

Terase en conta a modalidade deportiva de que se trate e as dificultades para acadar méritos na mesma.

9º.- PROCEDEMENTO

A Comisión de Valoración estará integrada polos membros do Comité Executivo da Fundación Vigo en Deporte; e o prazo para resolver non poderá exceder dun mes a partir do fin do prazo de presentación de solicitudes.

10º.- OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS

- Destinar a axuda aos fins para os que foi concedida.
- Prestar a súa colaboración e imaxe cando así se solicite por parte da Fundación VIDE e do Concello de Vigo.
- Facer unha axeitada publicidade da Fundación VIDE e do Concello de Vigo durante as competicións ou manifestacións deportivas.